Informe sobre o Índice de Produción Industrial

Periodo de referencia: abril de 2025

Data de publicación: 04 /06/2025

Principais resultados

- En abril de 2025, o Indice de produción industrial (IPI) cae o 5,8 % en Galicia e o 5,7 % en España.
- A enerxía retrocedeu un 17,7 %, mentres que os bens de consumo e os bens intermedios experimentaron caídas do 2,9 % e do 6,8 %, respectivamente. Pola contra, os bens de equipo medraron un 2,7 %.
- Por ramas de actividade, as achegas positivas máis destacables corresponden a: *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques*, que achega 1,1 puntos, e *Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento*, que achega 0,4 puntos.

Taxas de variación interanual (%)



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Indice de produción industrial diminuíu un 5,8 % en abril de 2025 en taxa interanual; en España, baixou o 5,7 %.

- Os **bens de consumo** diminuíron o 2,9 %, cunha repercusión de -0,7 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa de crecemento do 2,7 %, aportando 0,8 puntos á taxa total.
- Os **bens intermedios** diminúen un 6,8 %, cunha repercusión negativa de 1,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 17,7 %, resta 4,3 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Abril de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	95,7	-5,8	0,4
Bens de consumo	102,7	-2,9	3,5
Bens de equipo	105,8	2,7	12,8
Bens intermedios	84,3	-6,8	-3,4
Enerxía	88,6	-17,7	-11,9

Achegas á taxa de variación do índice xeral



2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual do 5,8 % débese principalmente á achega negativa de 17 ramas.

Entre as ramas con achegas negativas (-7,8 puntos) destacan:

- **Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado** (-19,1 %, resta 3,9 puntos).
- **Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría** (-14,4 %, resta 0,6 puntos).

No que respecta ás achegas positivas (2 puntos) as principais ramas foron:

- **Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques** (8,4 % e suma 1,1 puntos).
- **Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento** (4,9 % e suma 0,4 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI diminuíu en 14 comunidades autónomas neste mes de abril. As comunidades con taxas positivas foron Illes Balears (7,9 %), Extremadura (3,9 %) e Andalucía (1,3 %). Pola contra, as maiores baixadas presentáronse en Castilla - La Mancha (-9,5 %), Canarias (-9,1 %) e Murcia (-9 %).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Abril de 2025

Taxas de variación (%)



4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influenza dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Abril de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	95,7	-5,8	0,4		
Bens de consumo	102,7	-2,9	3,5	-0,7	0,8
Bens de equipo	105,8	2,7	12,8	0,8	3,6
Bens intermedios	84,3	-6,8	-3,4	-1,5	-0,7
Enerxía	88,6	-17,7	-11,9	-4,3	-3,3

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	98,4	-5,7	-0,3		
Bens de consumo	101,2	-5,6	-0,2	-1,5	-0,1
Bens de equipo	107,1	-8,6	-2,9	-2,1	-0,7
Bens intermedios	94,7	-5,9	0,1	-1,9	0,0
Enerxía	91,2	-1,1	2,2	-0,2	0,4

Fonte: INE

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-19,1	-3,9	-12,6	-3,0	19,4
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	-14,4	-0,6	0,4	0,0	4,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-17,1	-0,5	-9,3	-0,3	3,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	-17,5	-0,5	-13,7	-0,4	5,1
Fabricación de mobles	-24,0	-0,4	-4,3	-0,1	1,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-7,4	-0,4	4,3	0,2	4,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-6,8	-0,2	5,3	0,2	2,8
Fabricación de bebidas	-2,7	-0,1	-2,7	-0,1	3,8
Confección de roupa de vestir	-5,2	-0,1	14,1	0,3	1,8
Industria do papel	-11,5	-0,1	0,3	0,0	1,2
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-15,6	-0,1	-15,4	-0,1	1,0
Industria química	-8,8	-0,1	-2,5	0,0	1,9
Outras industrias manufactureiras	-13,3	-0,1	14,5	0,1	0,7
Outras industrias extractivas	2,9	0,0	-14,6	-0,2	1,1
Industria téxtil	0,9	0,0	-19,2	-0,1	0,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,2	0,0	5,1	0,1	2,3
Fabricación de material e equipamento eléctrico	5,1	0,0	-11,0	-0,1	0,5
Fabricación doutro material de transporte	-1,3	0,0	9,9	0,2	1,9
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	49,1	0,2	38,1	0,2	0,8
Industria da alimentación	1,8	0,3	4,7	0,6	14,9
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	4,9	0,4	6,8	0,5	8,6
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	8,4	1,1	18,2	2,4	13,3

Fonte: INE

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Abril de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	98,45	-5,7	-0,3
Andalucía	99,53	1,3	4,4
Aragón	110,49	-1,6	2,3
Asturias, Principado de	87,93	-3,2	3,9
Balears, Illes	112,02	7,9	8,3
Canarias	105,68	-9,1	-2,1
Cantabria	89,22	-5,9	-3,4
Castilla y León	103,40	-6,3	-1,1
Castilla - La Mancha	92,48	-9,5	-0,8
Cataluña	103,04	-8,0	-1,8
Comunitat Valenciana	90,36	-3,3	-1,4
Extremadura	92,71	3,9	6,5
Galicia	95,70	-5,8	0,4
Madrid, Comunidad de	103,39	-8,3	-1,0
Murcia, Región de	90,92	-9,0	-0,1
Navarra, Comunidad Foral de	93,89	-6,0	-3,4
País Vasco	93,61	-8,1	-1,6
Rioja, La	91,04	-5,2	4,1

Fonte: INE